

BORRADOR ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 04.12.2014

ORDE DO DIA

1.- Ocupación e uso privativo dunhas instalacións do pavillón de Chapela.

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas e dez minutos do día catro de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M^a Nieves Boulosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

PP: Teresa Paris Blanco

PSOE: Eduardo Reguera Ocampo

BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira

AER: Daniel Cabaleiro Novelle (en substitución de Javier Bastos Devesa)

3.- REPRESENTANTES de ENTIDADES VECIÑAIS

- Perfecto García Martínez
- Cesar Domínguez Fernández
- María Esther Barreiro Villar

3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

- Fernando Casas Gómez
- Carlos Igrexas Martínez (en substitución de Emilio Martínez Castrelos)
- Victor Castro Freaza

1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES

- Francisco Puch Casal

1.- REPRESENTANTE DAS ANPAS

- Carlos Álvarez Vidal

1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES

- María Isabel Alvarez González

1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE EMPRESARIOS

- Fernando Ramón Sampil Sánchez

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Ocupación e uso privativo dunhas instalacións do pavillón de Chapela.

O Presidente da lectura aos escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello polo Grupo Folclórico Anaquiños, BNG e Asociación de veciños de Chapela. (adxuntanse escritos)

Xavier Balsas, manifesta que solicitaron a convocatoria do consello parroquial para que poidan opinar todos, polo feito de que non se expuxese esta concesión no Consello parroquial como esta reflexado no Regulamento.

Carlos Igrexas, manifesta que eles non nomean a ninguen, nin se trata de nengunha movida política, nin están en contra de nengunha Asociación, pero que non lle parece normal que tivesen que reunirse con outros colectivos para que o superan, xa que o Concello a veces invita a cousas pero isto non o comunicou, di que os locais son os que hai, que non hai mala fe e respetan o traballo, que o multiusos ten un regulamento e funciona e non entende que necesidade hai de dar unha concesión por 25 anos, xa que isto vai crear un precedente, e como se lle de a alguen algo, él tamén vai pedir, xa que hai que repartir o que hai pero si se opta por dar un local a cada Asociación eles tamén queren un. (aporta escrito para engadir a acta).

“Os abaixo asinantes, en representación de cada unha das asociacións e colectivos de Chapela,

MANIFESTAMOS:

Que temos coñecemento da intención, por parte do Concello, de ceder durante “25 anos” a “ocupación e uso privativo por parte dunha entidade”, das instalacións do pavillón de Chapela, para actividades musicais.

Das condicións que se establecen neste “concurso”, é obvio que ao mesmo só pode optar unha asociación que é a que cumpre os requisitos establecidos, xa que as demais asociación existentes non as cumplan. Polo que, se pode concluír, que este “concurso” está feito “a medida” desa asociación e discriminando as demais.

Non compartimos que, unhas instalacións públicas “De todos”, feitas e dotadas con cartos públicos, como é o caso, sexan utilizadas por unha só asociación (sexa cal for). Consideramos que os “medios públicos” cando son escasos hai que compartilos por igual, dentro dunhas normas de funcionamento xerais e de coñecemento público, como existen na maioría dos centros públicos.

A isto hai que engadir o perigo que supón como “precedente” que se está a crear e que abre a porta a futuras solicitudes de concesións privativas, co risco de crear “corraliños” que veñan a dividir aínda máis a xa “atomizada” parroquia de Chapela.

Por todo o exposto é polo que SOLICITAMOS a esa alcaldía:

1.- A Anulación desta Concesión.

Atentamente.

Chapela, 1 de decembro de 2014”

O escrito esta asinado polo Gupo Folclorico Anaquiños, Asociación de Veciños de Chapela, Asociación coral “O Piñeirial” e Asociación cultural Froles Mareliñas.

Fernando Casas, manifesta que lamenta que algunha Asociación utilicen un proxecto que é interesante para Chapela como arma, que lle parece lamentable na forma que se esta facendo, que se esta manipulando a moitas Asociacións, xa que se convocou unha reunión e non foron convocados polo cal se sinten aludidos, xa que se falou da asociación, e no estaban para dar a súa opinión e para que os demais poidan escoitar as dúas versións.

Que o grupo folclorico Anaquiños cando se lle deu a concesión ao Club de Remo xa intentou o mesmo.

Que A Asociación cultural e social de Chapela, nace o 26 de outubro de 1991, nun momento que a oferta cultural en Chapela era deficitaria.

Entre os seus principios obxetivos atopanse a realización de actos culturais e mais concretamente aqueles realizados con fins benéficos.

Esta asociación comeza cunha Escola de Música na que se forman os primeiros músicos da Banda de Música de Chapela, tras 3 anos de intensas clases e ensaios, a Banda de Música de Chapela dá o seu primeiro concerto ante os veciños da parroquia. Debido a gran demanda existente e a pouca oferta, esta escola empeza a impartir clases de Gaita, Pandereta e Baile Galego e creou ademais da Banda de Música catro grupos máis (isto en tan só 3 anos), o longo destes anos de existencia, aparte de xestionar e coordinar os grupos musicais de que dispoñen, ven realizando as seguintes actividades, pensadas para todas as idades a un custo mínimo asequible a todas as economías co que se trata de conseguir o acceso as mesmas das persoas máis desfavorecidas: Aeróbic, baile galego, bailes latinos, pilates, baile de salón, baile moderno para adultos, baile moderno infantil, hip-hop, fanki, manualidades, pintura e dibuxo, ioga e artesanía en coiro.

Se imparten diversos cursos tanto de integración como de formación como apoio escolar de voluntariado, e dispoñen dunha escola de música, sen ánimo de lucro. Ademais, realízanse o longo do ano diversas actividades culturais actos de forma desinteresada de entrada libre.

Fomos a primeira asociación que solicitamos e traballamos xunto co Concello de Redondela na primeira programación de verán para Chapela, fruto desta programación conseguimos ter un variado programa de actuación tanto na rúa como no propio centro no que estamos. Tamén realizamos concertos benéficos a institucións benéficas, así como concertos nos propios centros e unha serie de campañas de recadación de fondos para donar a persoas desfavorecidas. Dende o departamento de voluntariado colaboran cun programa de apoio escolar cunha mestra titulada, donde se imparten clases gratuitas a fillos/as de familias que non teñen posibilidade de pagar unha academia. En total, se ven realizando unha media de 15-20 eventos culturais cada ano.

Durante o ano 2010 coa entrada dunha nova directiva na Asociación cultural de Chapela, é cando se fai unha solicitude oficial ao Concello para o acondicionamento dos baixos do pavillón, por entender que esta é a mellor opción e a máis económica, para darlle á escola máis autonomía para a organización de aulas ao mesmo tempo que se aproveitaría para realizar os ensaios dos diferentes grupos musicais dos que dispoñen a Escola.

No ano 2012, a asociación abriu tres novas vogalías: vogalía da muller, vogalía 3ª idade e vogalía de xuventude, conseguindo que mediante as mesmas, estes colectivos de socios e veciños estén representados ante as institucións, podendo trasladar tanto as súas demandas, preocupacións e inquietudes en canto a temas culturais e sociais se refire.

A asociación cultural e Social de Chapela, conta nestes momentos con 1400 socios registrados e 400 socios activos, se financia a través das cuotas dos propios socios. A xestión da mesma está realizada por unha directiva que traballa de forma voluntaria e altruista.

Que levan un ano e multiplicaron por 5 os alumnos, e iso quere decir que hai interés pola escola de música.

Non entende porque se apoia o conservatorio e non se apoia unha escola de música que non custa nada ao Concello aínda que si debería custarlle. A Escola de música vai xerar postos de traballo, hai interés xeral por ela e tratase dun centro de educación non é un local social, o local cedese porque hai un proxecto que se considera que é válido e esta funcionando con vos resultados. E que non hai en Redondela unha Asociación con medios técnicos e humanos para levar unha escola de música. Que están enganando cando di que non se levou ao Consello e hai unha acta do 06.02.14 no que se aproba que se fixera este convenio.

Balsas Barbeira, manifesta que a súa solicitude non é poñer en dúbida o convenio, pero quere que se expliquen as condicións das bases e se informe.

O Presidente manifesta que no consello parroquial do 06.02.14, aprobouse por unanimidade que se realizara un convenio entre o Concello e a Asociación cultural de Chapela sobre o uso e a explotación da Escola de Música, xa que había demanda veciñal para que houbera unha Escola de Música en Chapela, no momento que desapareza a escola de música o local volve ao Concello.

Carlos Igrexas, manifesta que non ten nada persoal en contra de nadie, que asiste en nome da Asociación, que con respecto o da acta cando leu o anuncio no boletín preguntou ao compañeiro e a mais membros do Consello e a nadie lle acordaba que se tratara este tema por iso se presentou o escrito. Que non se manifestan en contra de nadie e que respetan a todas as asociacións, que si el vai pedir o local prestado non llo ceden por 25 anos e polo que non están conforme en que se lle ceda a Asociación cultural por 25 anos.

O Presidente manifesta que se da por 25 anos a Asociación cultural porque ten uns profesores e unhas normativas que cumprir.

Carlos Igrexas, manifesta que insiste en que non están en contra da Escola de Música, e preguntan si os que queren facer música poden entrar nas instalacións.

O Presidente manifesta que no momento que se de a concesión non.

Cesar Domínguez, manifesta que despois da exposición do representante da Asociación de veciños, ten que decir que a Banda de Música non pode estar utilizando cada día un local e deben estar nun local adecuado, que non era lóxico o de anos atrás, cando no Auditorio se quería facer unha asemblea e non se podía facer porque estaban ensaiando, e cree que si o grupo Anaquiños necesita o local para ensaiar teran que tratar de solicitalo e conseguilo, ca Asociación AP-9 reunese en calquer local, pero cando se fala da Escola de Música cunha mobilidade de tanta xente esta dacordo que teña a concesión por un período de tempo estable. Que non é normal que se planteen diferencias pensando que hai favoritismos, que si o grupo Anaquiños lle conceden un local a nadie lle ten que parecer mal que se lle conceda.

Carlos Igrexas, manifesta que non teñen problema nengún que esta defendendo a todos que se dedican a música, o que non lle parece ben e que ese local sexa para un so, porque non se pode compartir chegado o caso, porque ten que estar restrinxido.

Rafael Cela, manifesta que:

- A Asociación AP-9 nunca tivo problemas para que a Asociación cultural lles cedera un local para assemblea.
- Co Club de fútbol antes tiña unha aula para gardar o material nos baixos do pavillón, e agora están a espera de que lla den outra vez.

Victor Castro, manifesta que non estan en contra do proxecto o que se discuten son as formas, que hai un convenio de cesión e uso.

Xavier Balsas, manifesta que se podían traer as bases antes de publicalas xa que esta no regulamento.

Carlos Igrexas, manifesta que non estan en contra da Banda de Música nin de nadie, e quere saber si se poden utilizar as instalacións outros colectivos ou non.

Fernando Casas, manifesta que si hai aulas vacias nun momento puntual non estamos en contra. Estamos falando dun centro de ensinanza e debería ser orgullo de Chapela.

Incorpórase o Sr. Javier Bastos Devesa e manifesta que no consello parroquial do 06.02.12 xa se votou a favor para que ese baixo fora para a Escola de Música, estivo publicado na web do Concello e no BOP, aquí se pode presentar quen queira.

Carlos Igrexas, pregunta si se pide o uso privativo do local si estan dacordo todos.

Javier Bastos, manifesta que tera que presentar un proxecto e pedilo, e que totalas Asociacións teñen un local.

Carlos Igrexas, manifesta que non hai unha cesión por 25 anos.

O Consello parroquial reafirmase en que se faga a cesión a favor de Asociación cultural de Chapela.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteunha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.